

RESUMO DE SEGUIMENTO DA PARCELA ¹		OBSERVACIÓNS
MATERIAL VEXETAL E PLANTACIÓU OU SEMENTEIRA	CONFORME	
	NON CONFORME	
MANEXO DO SOLO, LABRA E PRÁCTICAS CULTURALS	CONFORME	
	NON CONFORME	
FERTILIZACIÓN	CONFORME	
	NON CONFORME	
REGA	CONFORME	
	NON CONFORME	
ESTADO FITOSANITARIO E RECOMENDACIÓNS DO TÉCNICO	CONFORME	
	NON CONFORME	
TRATAMENTOS FITOSANITARIOS	CONFORME	
	NON CONFORME	
COLLEITA E RASTREXABILIDADE	CONFORME	
	NON CONFORME	
ANÁLISES DO SOLO ²	CONFORME	
	NON CONFORME	
ANÁLISES DE AUGA ²	CONFORME	
	NON CONFORME	
OUTRAS ANÁLISES ²	CONFORME	
	NON CONFORME	
CONTROL DA MAQUINARIA EXISTENTE NA EXPLOTACIÓU	CONFORME	
	NON CONFORME	
XESTIÓU DE RESIDUOS	CONFORME	
	NON CONFORME	

O operador declara que os datos que figuran neste caderno de explotación son certos

..... de200

Sinatura, _____
Técnico da agrupación

Sinatura, _____
O operador

(1) Datos que debe cubrir o técnico responsable da explotación
(2) Achegar resultados de laboratorio.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia confire á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva para ditar normas adicionais de protección do medio e da paisaxe, de acordo co establecido no artigo 27 do dito estatuto.

A Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, xunto coa normativa básica estatal, constituída pola Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos e o Real decreto 952/1998, do 20 de xuño, que modifica o anterior, establecen un réxime de intervención administrativa de determinadas actividades de produción e xestión de residuos.

De acordo coas mencionadas previsións estatutarias e legais aprobouse o Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia. Este texto, seguindo a liña establecida na Lei 10/1998, do 21 de abril, unifica nunha

soa norma o réxime xurídico para a produción e xestión de todos os residuos, creando un único rexistro xeral.

Transcorridos catro anos desde a entrada en vigor do anterior decreto e neste tempo, a política da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de residuos consistiu en impulsar a súa correcta xestión, baseándose nos principios de redución, reutilización, reciclado e calquera outra forma de valorización, o que levou consigo a un importante incremento do número de tramitacións e o fortalecemento do sector da xestión ambiental en Galicia.

Neste mesmo período de tempo promulgouse o Real decreto 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, que fomenta a utilización de técnicas de tratamento menos agresivas para o medio, tratando de diminuír o volume de residuos cuxo destino final sexa este tipo de instalación e prohibindo expresamente o depósito en vertedoiro de residuos que no teñan sido obxecto dun tratamento previo.

Todas estas circunstancias aconsellan a revisión da normativa autonómica, coa pretensión de adaptala á nova realidade, mediante o establecemento dun réxime administrativo máis sinxelo e áxil, eliminando aqueles requisitos que a práctica ten demostrado que non supoñen unha maior protección ambiental e previndo a utilización do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia para a transmisión de solicitudes, escritos e comunicacións nas materias reguladas neste decreto.

Este decreto establece uns requisitos comúns para os produtores e xestores de residuos e regula especificamente a xestión das plantas móbiles e o almacenamento de residuos, establecendo os requisitos que deben cumprir este tipo de instalacións.

Considerouse necesario regular neste mesmo texto legal a produción de residuos da construción e demolición e por tanto derrogar o Decreto 352/2002, do 5 decembro, co fin de incorporar non só a produción senón tamén a xestión deste tipo de residuos, establecendo novas obrigas para os xeradores deste tipo de residuos.

Así mesmo e co ánimo de controlar os grandes fluxos de residuos non perigosos, introdúcese a obriga de inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia aquelas actividades que xeren máis de 500 toneladas ao ano deste tipo de residuos.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día nove de xuño de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto regulamentar o réxime de autorización administrativa e notificación das actividades de produción e xestión de residuos, que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

1. Este decreto é de aplicación ás actividades de produción e de xestión de todo tipo de residuos que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia, coas seguintes exclusións:

a) Os residuos radioactivos regulados pola Lei 25/1964, do 29 de abril, de enerxía nuclear.

b) Actividades de produción e/ou xestión de residuos regulados na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e de control integrados da contaminación.

c) As verteduras de efluentes líquidos ás augas continentais regulados polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas; as verteduras desde terra ao mar regulados pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; e as verteduras desde buques e aeronaves ao mar regulados polos tratados internacionais dos que forme parte España.

2. Este decreto será de aplicación supletoria ás materias que se enuncian a seguir, que se rexerán pola súa normativa específica:

a) Os residuos resultantes da prospección, extracción, valorización, eliminación e almacenaxe de

recursos minerais, así como da explotación de canteras, no regulado na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

b) Ás actividades de produción e xestión de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, regulados polo Regulamento (CE) nº 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano (DOCE nº L273, do 10 de outubro), e o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non-destinados ao consumo humano.

c) Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materiais fecais ou outras substancias naturais e non-perigosas cando se utilicen exclusivamente no marco das explotacións agrarias.

d) Os explosivos, cartucharía e artificios pirotécnicos desclasificados, así como residuos de materias primas perigosas ou de produtos explosivos utilizados na fabricación dos anteriores, no regulado no Regulamento de explosivos, aprobado mediante Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

e) As terras separadas nas industrias agroalimentarias nas súas fases de recepción e limpeza primaria das materias primas agrícolas, cando estean destinadas á súa valorización como tratamento do solo producindo un beneficio á agricultura ou unha melloira ecolóxica destes.

f) As operacións de incineración de residuos, en todo o non regulado no Real decreto 653/2003, do 20 de maio, sobre incineración de residuos.

g) A eliminación de residuos en vertedoiro, regulados mediante o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

h) As operacións de recollida e descontaminación, así como as demais operacións de tratamento de vehículos ao final da súa vida útil, en todo aquilo que non estea regulado polo Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil.

Artigo 3º.- Definicións.

Para os efectos deste decreto entenderase por:

a) Residuo: calquera substancia ou obxecto pertencente a algunha das categorías que figuran no anexo da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, do cal o seu posuídor se desprenda ou do cal teña a intención ou a obriga de se desprender. En todo caso, terán esta consideración aqueles que figuren na Lista Europea de Residuos (LER), aprobada polas institucións comunitarias.

Non terán a consideración de residuo:

-Os materiais, obxectos ou substancias sobrantes, dun proceso de produción, transformación ou con-

sumo, que non teña modificadas as súas propiedades e características orixinais e que se utilicen de forma directa como produto ou materia prima, sen se someter previamente a unha operación de valorización ou eliminación e sen poñer en perigo a saúde humana nin causar prexuízo ao medio.

-Aqueles materiais, obxectos ou substancias defectuosas xerados nun proceso produtivo que se reincorporan a estes.

-Os materiais, obxectos ou substancias que se obteñan tras a valorización dos residuos que se incorporen ao ciclo produtivo.

-As terras e rochas non-contaminadas de escavación utilizadas para a restauración, acondicionamento e recheo, ou con fins de construción.

b) Desprenderse: entenderase por desprenderse destinar unha substancia ou obxecto a unha operación de valorización ou de eliminación.

c) Residuos urbanos ou municipais: os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

-Residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.

-Animais de compañía mortos, así como mobles, aparellos e vehículos abandonados. Entenderase por animal de compañía, os animais que teña no seu poder o home sempre que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos (artigo 3.3º da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal).

-Residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

d) Residuos comerciais: residuos municipais xerados pola actividade propia da venda polo miúdo e por xunto, a hostalaría, os bares, os mercados, as oficinas e os servizos.

e) Residuos perigosos: os definidos como tales no artigo 3.c) da Lei 10/1998 e na Decisión 2000/532/CE da comisión do 3 de maio de 2000 pola que se aproba a Lista Europea de Residuos, publicada mediante a Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro de 2002.

f) Residuos non-perigosos: aqueles residuos, non incluídos na definición anterior, que se xeran no proceso de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento dunha instalación ou actividade industrial, sanitaria ou gandeira e non teñan a consideración de residuos urbanos ou municipais.

g) Residuos de construción e demolición: aqueles que se orixinan nos procesos de execución material dos traballos de construción, tanto de nova planta coma de rehabilitación ou de reparación e das operacións de desmontaxe, desmantelamento e derruba de edificios e instalacións que se atopan incluídos na categoría 17 da Lista Europea de Residuos aprobada pola Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, polo que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.

Exclúense da definición anterior:

-Os residuos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria que se considerarán urbanos e municipais, entendéndose por tales os de técnica sinxela e escasa entidade construtiva e económica que non supoña alteración do volume do uso das instalación e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais nin afecten o deseño exterior, os alicerces, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de todas as clases.

-Os residuos de construción e demolición que teñan a consideración de perigosos, que se rexerán pola súa normativa específica.

h) Residuos inertes: aqueles residuos non-perigosos que non experimentan transformacións físicas, químicas ou biolóxicas significativas. Os residuos inertes non son solubles, nin combustibles, nin reaccionan física nin quimicamente, nin de ningunha outra maneira, nin son biodegradables, nin afectan negativamente outras materias coas que entran en contacto de xeito que poidan dar lugar á contaminación do medio ou prexudicar a saúde humana. A lixiviabilidade total, o contido de contaminantes dos residuos e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes e, en particular, non deberán supor un risco para a calidade das augas superficiais e/ou subterráneas.

i) Prevención: o conxunto de medidas destinadas a evitar xeración de residuos ou a conseguir a súa redución, ou a cantidade de substancias perigosas ou contaminantes presentes neles.

j) Produtor de residuos: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade, excluída a derivada do consumo doméstico, produza residuos ou que efectúe operacións de tratamento previo, de mestura, ou doutro tipo que ocasionen un cambio de natureza ou de composición deses residuos.

Terán tamén carácter de produtor de residuos, o importador ou adquirinte de residuos en calquera Estado membro da Unión Europea.

k) Produtor de residuos perigosos: aqueles produtores que xeren ou importen residuos perigosos e aquelas actividades que xeren ou importen produtos que polo seu uso poderán dar lugar a residuos perigosos.

l) Produtor de residuos de construción e demolición: a persoa física ou xurídica titular da licenza urbanística que autoriza a actividade de construción ou demolición que xera os residuos de construción e demolición.

m) Posuidor: o produtor dos residuos ou a persoa física ou xurídica que os teña no seu poder e que non teña a condición de xestor de residuos.

n) Xestor: a persoa ou entidade, pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor destes.

o) Xestión: a recollida, a clasificación, a almacenaxe, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a vixilancia dos lugares de depósito ou vertedura, despois do seu peche.

p) Almacenaxe: o depósito temporal de residuos, por tempo inferior a dous anos, se o seu destino é a valorización, un ano se é a eliminación, ou seis meses, se se trata de residuos perigosos. Non se inclúe neste concepto o depósito temporal de residuos nas instalacións de produción cos mesmos fins e por períodos de tempo inferiores aos sinalados.

q) Valorización: todo procedemento que permita o aproveitamento dos recursos contidos nos residuos sen poñer en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que poidan causar prexuízos ao medio ambiente. Inclúese neste concepto o almacenamento previo á valorización, entendéndose como tal as seguintes operacións:

-O depósito de residuos que, por formar parte do proceso de valorización, se realice para facilitar ou posibilitar as operacións de valorización.

-O depósito de residuos que se realiza con carácter previo a unha actividade de valorización para posibilitar a súa posta en marcha

r) Eliminación: todo procedemento dirixido, ben á vertedura dos residuos ou ben á súa destrución, total ou parcial, realizado sen poñer en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que poidan causar prexuízos ao medio. Inclúese neste concepto a almacenaxe previa á eliminación, entendéndose como tal as seguintes operacións:

-O depósito de residuos que, por formar parte do proceso de eliminación, se realice para facilitar ou posibilitar as operacións de eliminación.

-O depósito de residuos que se realiza con carácter previo a unha actividade de eliminación para posibilitar a súa posta en marcha.

s) Recollida: toda operación, realizada nos lugares de produción, consistente en recoller, clasificar, agrupar ou preparar residuos para o seu transporte e entrega ao xestor.

t) Vertedoiro: instalación de eliminación de residuos mediante o seu depósito subterráneo ou na superficie, por períodos de tempo superiores aos recollidos no parágrafo p) anterior.

Inclúense neste concepto as instalacións internas de eliminación de residuos, é dicir, os vertedoiros nos que un produtor elimina os seus residuos no lugar onde se producen. Non se inclúen as instalacións nas cales se descargan os residuos para a súa preparación con vistas ao seu transporte posterior a outro lugar para a súa valorización, tratamento ou eliminación.

u) Planta móbil: instalación de valorización ou eliminación destinada a permanecer por un tempo limitado nun lugar e deseñada para ser desarmada ou desmantelada para o seu traslado.

Capítulo II

Actividades sometidas a réxime de autorización e notificación

Artigo 4º.-Actividades sometidas a autorización administrativa previa.

1. Están suxeitas a autorización administrativa previa as seguintes actividades:

1.1. Producción de residuos.

Instalación, ampliación, modificación substancial e traslado de industrias ou actividades que xeren ou importen 10.000 quilogramos ou cantidades superiores de residuos perigosos ao ano.

1.2. Xestión de residuos.

a) A recollida e transporte de residuos urbanos.

b) A recollida e transporte de residuos perigosos cando se realicen asumindo o transportista a titularidade do residuo.

c) Valorización e eliminación de residuos.

d) Almacenaxe de residuos.

1.3. Construción de instalacións de xestión de residuos urbanos ou municipais, que estará supeditada ao previsto no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia.

2. Actividades exentas de autorización.

Non requirirán autorización administrativa as actividades de xestión de residuos urbanos realizadas por:

a) As entidades locais, cando realicen directamente a xestión.

b) A Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), cando realice directamente a xestión de residuos encomendada no artigo 29 da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.

Artigo 5º.-Actividades suxeitas a notificación.

Están suxeitas a notificación previa cunha antelación mínima de 5 días hábiles, a realización das seguintes actividades de produción e xestión de residuos:

a) Actuacións en relación cos aceites usados que se leven a cabo nos talleres, estacións de engraxamento e garaxes.

b) Realización de actividades que xeren ou impoñen menos de 10.000 quilogramos ao ano de residuos perigosos. Non cumprirá notificación cando os residuos perigosos xerados, por seren similares na súa natureza ou composición aos producidos nos domicilios particulares, sexan susceptibles de ser xestionados polas entidades locais.

c) As actividades que xeren unha cantidade igual ou superior a 500 toneladas ao ano de residuos non-perigosos. Non cumprirá a notificación cando se trate de residuos incluídos no artigo 2º.2 deste decreto, agás as actividades xeradoras de residuos non-perigosos inertes, resultantes da prospección, extracción, valorización, eliminación e almacenaxe de recursos minerais, así como da explotación de canteiras que estarán suxeitas a notificación.

d) As actividades de produción de residuos de construción e demolición, cando se xeren máis de 3 tm de residuos por obra ou demolición realizada.

e) Recollida e transporte de residuos non-perigosos, así como a recollida e transporte de residuos perigosos, cando se realice esta última sen asumir a titularidade do residuo.

f) Aproveitamentos de residuos non perigosos inertes.

Capítulo III

Disposicións comúns aos produtores e xestores de residuos

Sección primeira

Réxime de autorizacións e notificacións

Artigo 6º.-Solicitude da autorización e da notificación da actividade.

1. O procedemento de autorización administrativa e de notificación de actividades de produción e xestión de residuos iniciarase mediante escrito dirixido á dirección xeral competente en materia de residuos, de acordo cos modelos normalizados dos anexos I, II, III, IV e VIII, segundo corresponda.

2. O procedemento xeral en materia de autorizacións axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das precisións e concrecións previstas nesta disposición.

Artigo 7º.-Documentación xeral para todas as actividades.

Toda a documentación que achegue o interesado deberá ser orixinal ou copia compulsada.

Sen prexuízo da documentación específica que se poida solicitar para cada unha das actividades de produción e xestión de residuos, achegase a seguinte documentación xeral:

-Código de identificación fiscal da empresa (CIF) ou, se é caso, documento nacional de identidade (DNI) do empresario individual.

-No caso de persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación da sociedade inscrita no rexistro mercantil.

-Acreditación da representación da persoa xurídica por calquera dos medios admitidos en dereito.

-Datos relativos ao centro ou centros de traballo nos que se vai realizar a actividade: denominación, enderezo, municipio, provincia, teléfono, fax e correo electrónico, e declaración do tipo de residuo e cantidade anual que se vai producir, xestionar ou transportar, segundo a Lista Europea de Residuos (LER) e, para residuos perigosos, o Real decreto 952/1997, do 20 de xullo, polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos perigosos (anexo V).

-Certificado de destino de xestor receptor dos residuos, bardante para actividades de transporte de residuos non-perigosos, que non sexan urbanos, así como perigosos cando o transporte se realice sen asumir a titularidade deste.

Artigo 8º.-Documentación que se achegará coa solicitude de autorización e notificación da actividade.

Ademais da documentación xeral exixida no artigo anterior, coa solicitude de autorización ou coa notificación, achegase, para as seguintes actividades, a documentación que a continuación se relaciona:

1. Autorización de actividades de produción de residuos perigosos (anexo I):

Estudo sobre cantidades e identificación de residuos, prescricións técnicas, precaucións que haberán de tomarse, lugares e métodos de tratamento e depósito, tendo, polo menos, o contido seguinte:

-Memoria da actividade industrial, facendo unha declaración polo miúdo dos procesos xeradores dos residuos, cantidade, composición, características físico-químicas e código de identificación destes.

-Descrición dos agrupamentos, pretratamentos e tratamentos *in situ* previstos.

-Destino final dos residuos, con descrición dos sistemas de almacenaxe, recollida e transporte.

-Plano da implantación da instalación prevista sobre cartografía a escala 1:5.000 con descrición do contorno.

-Plano da parcela na que se representen as instalacións proxectadas con indicación do lugar ou lugares de almacenaxe de residuos perigosos.

-Declaración xurada do interesado do cumprimento da adopción das medidas de seguridade requiridas para a actividade, así como aquelas outras exixidas na vixente lexislación sobre protección civil.

O estudo acompañarase dunha estimación do ratio de xeración de residuos con respecto ás unidades de produción, para efectos de permitir ter un maior coñecemento sobre a produción real de residuos perigosos producidos na empresa.

2. Autorización da construción de instalacións de xestión de residuos urbanos ou municipais (anexo VIII):

-Declaración do tipo de residuo e cantidade anual que se vai producir ou xestionar segundo a Lista Europea de Residuos (LER).

-Estudo que acredite a adecuación da instalación ao Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.

-Memoria descritiva das instalacións e da actividade.

3. Autorización de actividades de xestión de residuos (anexo II):

3.1 Recollida e transporte de residuos urbanos e recollida e transporte de residuos perigosos asumindo a titularidade destes:

-Declaración xurada do interesado de que os vehículos utilizados para o transporte dos residuos cumpren a lexislación esixible en materia de transporte.

-Tarxeta de transporte.

3.2 Almacenaxe, valorización e eliminación de residuos:

-Proxecto visado polo colexio oficial competente que se axuste ao contido do anexo VI.

3.3 Plantas móbiles de tratamento de residuos.

-Memoria descritiva da actividade, con indicación das características técnicas da maquinaria, capacidade de tratamento, procesos empregados, así como os residuos e produtos xerados.

-Medidas protectoras e correctoras.

-Orzamento.

4. Notificación de actividades de xestión de residuos (anexo III):

Transporte de residuos:

-Tarxeta de transporte dos vehículos empregados na actividade.

-Declaración xurada de que os vehículos utilizados cumpren a lexislación esixible en materia de transporte.

Artigo 9º.-Outorgamento da autorización.

1. As autorizacións, que poderán outorgarse para unha ou varias operacións que se vaian realizar, concederanse previa comprobación das instalacións en que se vaia desenvolver a actividade obxecto de autorización. Para proceder á citada comprobación, o interesado comunicará a fin das obras da instalación, achegando certificado acreditativo visado polo colexio oficial competente. Poderase prescindir desta comprobación cando se trate de actividades de xestión de residuos urbanos ou municipais consistentes na recollida, transporte e almacenaxe.

2. Revisada a documentación achegada, a dirección xeral competente en materia de residuos outorgará a autorización ou, se é caso, procederá á súa

denegación mediante resolución motivada. Poderá denegarse a autorización cando non estean acreditadas abondo as operacións que se vaian realizar cos residuos, ou cando a xestión prevista nestes non se axeite ao disposto nos plans nacionais ou autonómicos de residuos.

Artigo 10º.-Contido da autorización.

1. A autorización conterà, como mínimo, as seguintes especificacións:

a) Que a autorización se outorgará sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas exixidas por esta ou outras disposicións.

b) Número de produtor ou xestor de residuos autorizado, conforme a previsión contida no artigo 12º.

c) A vixencia da autorización.

d) A obriga de cumprir as prescricións técnicas establecidas nos proxectos ou memoria descritiva da actividade que se presentasen.

e) A necesidade de cumprir as obrigas que se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, así como de cumprir así mesmo, cando se trate de residuos perigosos, as obrigas establecidas no Real decreto 833/1998, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución de Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, no Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, e demais lexislación que en cada intre lle sexa de aplicación.

f) A cuantía da fianza, nos casos que así se exixa.

g) Consecuencias do incumprimento da autorización.

h) Para as actividades produtoras de residuos perigosos, a autorización conterà as condicións e requisitos necesarios para o exercicio da actividade, así como a cantidade máxima por unidade de produción e as características dos residuos que se poidan xerar.

i) Para actividades de xestión de residuos perigosos, constarán as condicións e requisitos necesarios para o seu exercicio e causas da caducidade da autorización.

k) Para actividades de eliminación de residuos constarán os tipos e cantidades de residuos, prescricións técnicas, precaucións que deberán ser adoptadas en materia de seguridade, o lugar onde se van realizar as actividades de eliminación e método de eliminación que se vai empregar.

2. A autorización poderá exixir a introdución das medidas correctoras que sexan pertinentes, que poderán tamén requirirse en calquera momento durante a vixencia desta.

Artigo 11º.-Duración, modificación e transmisión da autorización.

1. A autorización outorgarase por un período máximo de 5 anos, prorrogable por igual prazo cun límite de dúas prórrogas sucesivas, mediante resolución expresa da dirección xeral competente en materia de residuos. A prórroga acordarase, se é o caso,

logo de solicitude do titular da autorización, formulada cunha antelación mínima de tres meses e máxima de seis á data prevista de extinción daquela.

2. A modificación da autorización poderá ser de oficio, polo órgano autorizante, co fin de impoñer medidas correctoras, de adaptar a autorización á normativa vixente en cada momento, ou por razóns de interese público debidamente motivadas. Tamén poderá tramitarse a modificación da autorización por instancia do interesado (anexo I), no caso de que se produzan modificacións substanciais nas instalacións, procesos ou outras que modifiquen as circunstancias tidas en conta no momento do seu outorgamento. A modificación da autorización realizarase, de ser o caso, logo da audiencia ao interesado.

3. A transmisión da autorización estará suxeita á previa solicitude do interesado (anexo IX) e á comprobación, pola Consellería de Medio Ambiente, de que as actividades e instalacións cumpren coa normativa aplicable en materia de residuos e o establecido na propia autorización.

Artigo 12º.-Efectos rexistrados da autorización e notificación.

A concesión da autorización, así como a notificación realizada conforme o establecido neste decreto, supón a inscrición de oficio no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, comunicándose ao interesado o número de inscrición.

Artigo 13º.-Duración do procedemento e o silencio administrativo.

Nas actividades suxeitas a autorización administrativa que se relacionan a continuación, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será de tres meses. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución expresa, estas solicitudes entenderanse desestimadas segundo as disposicións contidas na Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

1. Instalación, ampliación, modificación substancial e traslado de industrias ou actividades que xeren ou importen 10.000 quilogramos ou cantidades superiores de residuos perigosos ao ano.

2. Xestión de residuos.

- a) A recollida e transporte de residuos urbanos.
- b) A recollida e transporte de residuos perigosos cando se realicen asumindo o transportista a titularidade dos residuos.
- c) Valorización e eliminación de residuos.
- d) Almacenaxe de residuos.

3. Construción de instalacións de xestión de residuos urbanos ou municipais, que estará supeditada

ao previsto no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia.

Artigo 14º.-Da revogación da autorización.

1. A dirección xeral competente en materia de residuos poderá revogar, logo da correspondente tramitación do procedemento con audiencia ao interesado, a autorización concedida nos seguintes supostos:

- a) Renuncia dos interesados.
- b) Incumprimento das obrigas previstas no capítulo III deste decreto.
- c) Incumprimento dos requisitos que deron lugar á autorización.
- d) Falla da comunicación das modificacións producidas respecto dos datos do rexistro.
- f) Falsidade constatada nos datos facilitados á Administración.
- g) Como sanción accesoria no suposto da comisión de infraccións graves ou moi graves, conforme prevén os artigos 34 e 35 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. A revogación da autorización supón a cancelación de oficio do asento de inscrición no rexistro.

Sección segunda Réxime de garantías

Artigo 15º.-Seguros de responsabilidade civil.

1. A constitución dun seguro de responsabilidade civil será obrigatoria para o outorgamento da autorización das actividades de xestión de residuos perigosos.

2. O órgano competente para autorizar as restantes actividades de xestión de residuos e a instalación, ampliación, modificación ou traslado de actividades produtoras de residuos perigosos, poderá exixir a constitución dun seguro de responsabilidade civil, tendo en conta a perigosidade do residuo, a localización da actividade e as cantidades producidas cando así o exixa.

3. O límite cuantitativo das responsabilidades que se vaia asegurar será fixado pola Administración, tendo en conta a cantidade e tipo de residuo que se vaia xestionar ou producir, a actividade de xestión que se vaia realizar, a localización das instalacións e as súas características técnicas ou outras circunstancias semellantes.

En todo caso, o seguro deberá cubrir:

- a) As indemnizacións debidas a morte, lesións ou enfermidades das persoas.
 - b) As indemnizacións debidas por danos ás cousas.
 - c) Os custos de reparación e recuperación do ambiente alterado.
4. No suposto de suspensión da cobertura do seguro ou de extinción do contrato de seguro por calquera causa, a compañía aseguradora comunicará tales fei-

tos á Administración autorizante, quedando suspendida a eficacia da autorización entre tanto se rehabilite a cobertura ou se subscriba un novo seguro.

5. No que non estea previsto neste artigo, para as actividades de xestión e produción de residuos nas que se exixa a constitución dun seguro de responsabilidade civil, aplicarase de forma supletoria o previsto no artigo 6 do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo.

Artigo 16º.-Fianza.

1. A fianza terá como obxecto responder do cumprimento de todas as obrigas que fronte á Administración se deriven do exercicio das actividades, incluída as derivadas da execución subsidiaria nos casos nos que fose necesario.

2. Quedarán suxeitas á previa constitución dunha fianza, a realización das seguintes actividades:

a) Actividades de produción de residuos perigosos suxeitos a autorización.

b) Actividades de xestión de residuos perigosos, sometidas a autorización.

c) Actividades de xestión de residuos urbanos.

d) Valorización e eliminación de residuos non-perigosos

e) Produción e posesión de residuos non-perigosos sometidas a notificación.

No entanto, o órgano ambiental pederá exixir, para a realización de actividades distintas das enumeradas anteriormente, a constitución dunha fianza, en atención á perigosidade e á cantidade do residuo que se vaia xestionar e/ou producir e á localización das instalacións.

3. A constitución da fianza realizarase en contía suficiente, na forma establecida no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Para o calculo do seu importe terase en conta, con carácter xeral, o tipo de actividade que se vaia realizar, o volume dos residuos producidos ou xestionados e a perigosidade do residuo.

Tendo en conta a maior perigosidade da actividade, a localización das instalacións o volume do investimento, a experiencia na xestión dos residuos ou a implantación de sistemas de xestión medioambiental, a Administración de oficio ou a instancia do interesado, poderá incrementar ou decrementar ata un 50% a contía da fianza que se vaia constituír.

A dirección xeral competente en materia de calidade e avaliación ambiental, fixará a contía da fianza de acordo cos seguintes criterios por actividades:

a) Produción de residuos perigosos.

Os factores que se vaian considerar serán as toneladas producidas por ano, a fase do residuo (sólido ou líquido ou pastoso), a existencia de sistemas de xestión ambiental acreditados, a existencia dun seguro que cubra expresamente os custos de repara-

ción e recuperación do ambiente alterado e a situación da planta.

b) Xestión de residuos perigosos.

Os factores que se van considerar serán as toneladas producidas por ano, o tipo de xestión, a fase do residuo (sólido ou líquido ou pastoso), a existencia de sistemas de xestión ambiental acreditados e a situación da planta.

c) Xestión de residuos urbanos ou de residuos industriais.

Os factores que se van considerar serán as toneladas xestionadas por ano, o tipo de xestión, a existencia de sistemas de xestión medioambiental acreditados e a situación da planta.

d) Produción de residuos non perigosos.

Os factores que se van considerar serán as toneladas producidas por ano, a fase do residuo (sólido ou líquido ou pastoso), a existencia de sistemas de xestión ambiental acreditados, a existencia dun seguro que cubra expresamente os custos de reparación e recuperación do ambiente alterado e a situación da planta.

4. Co fin de asegurar en todo momento a efectividade da fianza, a Administración, de oficio ou por instancia do interesado, poderá actualizar a fianza, cando se produzan cambios nas circunstancias iniciais que afecten os criterios utilizados para o cálculo do seu importe.

Se a actividade consiste en eliminación en vertedoiro, e sen prexuízo do previsto no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, procederase a actualizar a contía inicial da fianza cada dous anos, tendo en conta a cantidade de residuos vertidos e o incremento da incidencia ambiental da actividade.

5. Para a cancelación da fianza será condición imprescindible a comprobación previa, cos medios de que dispoña a Consellería de Medio Ambiente para este fin, incluíndo, se é o caso, a inspección ambiental, de que se procedeu ao correcto cumprimento das obrigas cubertas por esta.

Sección terceira

Figuras de protección ambiental

Artigo 17º.-Figuras de protección ambiental.

1. As actividades de produción e xestión de residuos reguladas neste decreto, están sometidas á avaliación de impacto ambiental nos supostos previstos nos artigos 1 do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental e do decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental.

2. Fóra dos supostos previstos no parágrafo anterior e tendo en conta a maior perigosidade da actividade e a localización das instalacións, o órgano ambiental en cada caso, poderá establecer medidas adicionais de protección para estas actividades de produción

e xestión de residuos. A decisión deberá ser motivada e pública.

Sección cuarta Réxime xeral de obrigas

Artigo 18º.-Do transporte de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a realización de actividades de transporte de residuos, cando o lugar de orixe ou de destino dos residuos se atope situado na Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario estar inscrito no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Artigo 19º.-Obrigas comúns aos produtores e xestores.

Os produtores e xestores deberán cumprir as seguintes obrigas xerais:

1. As previstas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, sen prexuízo doutras obrigas establecidas na lexislación vixente.

2. Facilitar a Consellería de Medio Ambiente a información que esta lles requira en relación coa natureza, características e composición dos residuos que posúan, así como nos labores de inspección en relación coas materias reguladas neste decreto.

3. Comunicarlle ao órgano ambiental competente calquera cambio que se produza, no prazo máximo dun mes a contado desde a dita data, con respecto aos datos e documentos que figuren no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Artigo 20º.-Das obrigas específicas dos produtores e xestores.

1. Produtores e xestores de residuos perigosos.

a) Deberán cumprir as obrigas establecidas no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, no Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, que modifica o primeiro, na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e no Decreto 221/2003, do 27 de marzo, polo que se establece un réxime simplificado no control dos traslados de residuos perigosos producidos por pequenos produtores de residuos, sen prexuízo doutras obrigas establecidas na lexislación vixente.

b) Os produtores de residuos deberán presentar, cada catro anos desde a obtención da autorización, un estudo de minimización de acordo co contido establecido na Orde do 11 de maio de 2001, pola que se regula o contido básico dos estudos de minimización da produción de residuos perigosos que deben presentar os produtores autorizados de residuos.

Non será esixible aos pequenos produtores a presentación do estudo de minimización ao que se refire este apartado.

c) Os transportistas de residuos perigosos que asuman a titularidade do residuo deberán comunicar á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, calquera cambio no destino dos residuos que se vaian xestionar.

2. Produtores e xestores de residuos non-perigosos.

a) Os xestores que realicen actividades de valorización e eliminación de residuos non-perigosos deberán presentar unha declaración anual das súas actividades antes do 1 de marzo do ano seguinte. Poderá presentarse en papel ou en soporte informático.

b) Os produtores de residuos que xeren unha cantidade igual ou superior a 500 toneladas ao ano de residuos non-perigosos, deberán presentar un estudo de minimización de residuos co contido que regulamentariamente se estableza.

3. Produtores e xestores de residuos urbanos.

a) Os produtores de residuos comerciais, ademais de cumprir coas obrigas establecidas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e sen prexuízo do cumprimento doutras obrigas establecidas na lexislación vixente, estarán obrigados a entregar os seus residuos a un xestor autorizado para o seu tratamento, ou ben acollerse ao sistema de recollida e xestión que o ente local competente estableza para este tipo de residuos.

b) En todo caso, os produtores e os xestores de residuos urbanos deberán cumprir coas obrigas recollidas na Lei 10/1997, do 22 de agosto.

c) As obrigas dos produtores e xestores de animais de compañía mortos axustaranse ao previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e ao Regulamento 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

Capítulo IV Réximes especiais

Artigo 21º.-Produtores de residuos non-perigosos inertes.

1. Os produtores de residuos non-perigosos inertes que, de acordo co establecido no artigo 5 c), deben notificar a súa actividade, achegarán coa notificación, ademais da documentación xeral para todas as actividades:

a) Unha descrición da actividade e dos procesos xeradores do residuo.

b) A acreditación de que o residuo ten carácter inerte.

2. Deberán presentar, antes do 1 de marzo do ano seguinte, unha declaración anual na que consten os residuos producidos con indicación do destino destes.

3. Cada envío destes residuos para o seu aproveitamento deberá ir acompañado dun certificado emitido por un técnico competente no que se acredite que, no proceso de produción do residuo, non se incluíu ningún aditivo, nin se utilizou proceso ningún do que poida derivarse unha alteración na súa composición química que varíe o seu carácter de inerte.

Artigo 22º.-Aproveitamento de residuos non-perigosos inertes.

1. As operacións de aproveitamento destes residuos poderán realizarse unicamente cando o residuo sexa inerte e adecuado ao uso ao que se destina.

2. O interesado en realizar estas operacións comunicarao con carácter previo á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, acreditando o carácter inerte do residuo así como a idoneidade da utilización para o uso pretendido. A acreditación do carácter inerte do residuo non será necesaria no suposto de que o produtor deste estea inscrito no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como produtor de residuos non-perigosos inertes, en cuxo caso bastará con identificar o produtor.

3. A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental poderá exixir en cada caso, a presentación periódica de analíticas que demostren que o residuo segue a ter o carácter de inerte.

Artigo 23º.-Réxime das plantas móbiles de tratamento de residuos.

Os titulares de plantas móbiles de tratamento de residuos, ademais de obter, conforme este decreto, a autorización correspondente á operación de xestión que se trate, comunicaranlle á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con carácter previo ao comezo dos traballos, unha memoria co contido mínimo seguinte:

-Localización e identificación das instalacións ou empresa na que se vai desenvolver a súa actividade e, se é o caso, número de autorización ou inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

-Datos previstas de comezo e fin da actividade.

-Listaxe de medidas protectoras e correctoras para cada lugar.

-Destino dos residuos ou produtos xerados pola actividade da planta.

Artigo 24º.-Autorización de depósito de residuos para a posta en marcha de instalacións de valorización ou eliminación.

Para a autorización da actividade de depósito de residuos realizado para posibilitar a posta en marcha dunha instalación de valorización ou eliminación, o interesado, ademais da documentación xeral para todas as actividades, achegará a seguinte:

-Memoria descritiva do depósito que se vaia realizar, indicando a situación das instalacións, lugar no que se vai realizar o depósito, características deste e medidas protectoras e correctoras adoptadas.

-Xustificación da necesidade do depósito para a posta en marcha das instalacións.

Artigo 25º.-Réxime da produción e xestión de residuos de construción e demolición.

1. Os produtores de residuos de construción e demolición, sometidos ao réxime de notificación pre-

visto no artigo 5º.d) deste decreto, deberán de dirixir a notificación á delegación provincial da consellería competente en materia de ambiente presentando o modelo normalizado que figura no anexo IV, acompañado da seguinte documentación:

a) Documentación xeral para todas as actividades, co contido establecido no artigo 7º deste decreto.

b) Documentación acreditativa da constitución dunha fianza nos termos e condicións fixados no artigo 16º deste decreto.

2. Unha vez inscritos no rexistro, os produtores de residuos de construción e demolición deberánlle comunicar á delegación provincial da consellería competente en materia de ambiente, con carácter previo á súa realización, cada unha das actividades de construción e/ou demolición que vaian realizar, para o cal deberán achegar o Plan de Xestión de Residuos en Obra de residuos de construción e demolición, co contido mínimo exixido no anexo VII.

3. Os produtores de residuos de construción e demolición deberán :

-Presentar unha declaración anual das súas actividades de produción de residuos de construción e demolición antes do 1 de marzo do ano seguinte.

-Sufragar os correspondentes custos de xestión.

-Facerse cargo directamente da xestión dos seus propios residuos ou entregalos a un xestor autorizado para a súa valorización ou eliminación.

-Garantir que as operacións de xestión in situ se leven a cabo seguindo os obxectivos do plano nacional e autonómico de residuos de construción e demolición.

4. Os xestores de residuos de construción e demolición deberán:

-Garantir que as operacións de transporte dos residuos se realizan nas condicións ambientais correctas.

-Emitir o correspondente certificado no que se refire á cantidade e tipo de residuos entregados, unha vez rematada a obra.

Artigo 26º.-Excepcións ao réxime de notificación dos produtores de residuos de construción e demolición.

1. Non están obrigados a realizar a notificación regulada no artigo anterior:

a) O autopromotor: enténdendose por tal, aquela persoa física que, de xeito individual, decide, promove, programa e financia con recursos propios ou alleos, as obras de construción dunha vivenda para ser destinada exclusivamente ao seu propio uso.

b) Os promotores de obras públicas.

2. Nestes supostos, a empresa de construción deberá realizar as notificacións e comunicacións reguladas no artigo anterior, sen prexuízo doutras obrigas

legais, que conforme a este decreto e á lexislación aplicable, lles corresponda respecto á correcta xestión dos residuos.

3. En todo caso, non estarán obrigados a realizar esta notificación os produtores de residuos de construción e demolición, cando xeren menos de tres toneladas de residuos por obra ou demolición realizada.

Capítulo V Do rexistro

Artigo 27º.-Natureza do rexistro.

1. O Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia ten como finalidade a inscrición das persoas físicas e xurídicas que realizan as actividades de produción e xestión de residuos.

2. As inscricións do rexistro incorporaranse a un ficheiro automatizado, que se axustará ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A responsabilidade do ficheiro recaerá na dirección xeral competente en materia de calidade e avaliación ambiental, ante quen o interesado exercerá os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación cando se revelase que os datos son inexactos ou incompletos, inadecuados ou excesivos.

4. No suposto de cesión de datos aos servizos estatísticos das administracións públicas, terase en conta a normativa vixente da comunidade autónoma en materia estatística.

Artigo 28º.-Estrutura do rexistro.

O Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia estrutúrase en dúas seccións denominadas:

- a) Sección I. Dos residuos perigosos.
- b) Sección II. Dos residuos non-perigosos.

Artigo 29º.-Sección I. Dos residuos perigosos.

Inscribiranse nesta sección as persoas físicas ou xurídicas titulares de instalacións ou actividades de produción e xestores de residuos que se consideren perigosos, de acordo coa definición do artigo 3º, letra e) deste decreto con independencia da súa orixe.

Nesta sección inscribiranse separadamente:

- a) Os titulares de industrias ou actividades produtoras de residuos perigosos.
- b) Os titulares de industrias ou actividades xeradoras ou importadoras de produtos que polo seu uso poderán dar lugar a residuos perigosos.
- c) Os pequenos produtores de residuos perigosos.
- d) Os transportistas de residuos perigosos cando non asuman a titularidade do residuo.
- e) Os xestores de residuos perigosos.

f) Os titulares de talleres, estacións de engraxamento ou garaxes, nos que se realicen actuacións en relación cos aceites usados.

Artigo 30º.-Sección II. Dos residuos non-perigosos.

Nesta sección inscribiranse separadamente as persoas físicas e xurídicas que realicen as actividades seguintes:

1. Xestión de residuos urbanos ou municipais, no Rexistro Xeral de Residuos Sólidos Urbanos creado pola Lei 10/1997, do 22 de agosto.
2. Xestión de residuos non-perigosos.
3. Produción de residuos non-perigosos.

Artigo 31º.-Do contido do rexistro.

As anotacións dos produtores e xestores que se practiquen no rexistro deberán reflectir o seguinte contido:

1. Código de identificación de produtor ou xestor que se lle asigne.
2. Datos acreditativos da súa identidade:
 - a) Nome ou razón social da persoa.
 - b) NIF e DNI, se se trata do empresario individual, e CIF, cando se trate de persoa xurídica.
 - c) Enderezo completo da empresa onde se realiza a actividade.
3. Actividades de produción ou de xestión que realiza.
4. Destino do residuo.
5. Tipo e identificación do residuo ou residuos que se van producir ou xestionar.
6. Capacidade nominal da actividade de produción ou de xestión, se é o caso.
7. Tipo de instalación e procedemento de produción ou de xestión.
8. Persoa encargada da actividade de produción ou xestión.
9. Data da autorización e prazo desta, se é o caso.
10. Modificación ou ampliación da actividade suxeita a notificación.

Artigo 32º.-Da cancelación e suspensión da inscrición no rexistro.

1. Son causas da cancelación da inscrición no rexistro:
 - a) A suspensión definitiva da actividade ou da autorización, acordada por resolución motivada de acordo coa normativa vixente.
 - b) A inhabilitación especial para a profesión ou oficio acordada por sentenza firme.
 - c) A clausura definitiva do local, establecemento ou industria.

- d) O cesamento da actividade.
- e) A caducidade ou revogación da autorización.
- f) O incumprimento das obrigas recollidas no capítulo III deste decreto.

2. Son causas da suspensión da inscrición no rexistro:

a) A suspensión temporal da actividade ou da autorización acordada por resolución motivada de acordo coa normativa vixente.

b) A clausura temporal do local, establecemento ou industria.

Capítulo VI

Procedemento e potestade sancionadora

Artigo 33º.-Infraccións e sancións.

As infraccións cometidas contra o disposto neste decreto serán sancionadas conforme a Lei 10/1998, do 20 de abril, de residuos e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

Artigo 34º.-Procedemento.

O procedemento sancionador por incumprimento das obrigas establecidas neste decreto rexeráse polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 35º.-Competencia.

1. A incoación e instrución dos procedementos sancionadores por calquera incumprimento do establecido neste decreto que constitúan infracción tipificada na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia será competencia da dirección xeral competente en materia de residuos.

2. A resolución dos expedientes aos que se refire o parágrafo anterior corresponderánelle:

a) Nas infraccións leves ao director xeral competente en materia de residuos.

b) Nas infraccións graves ao conselleiro competente en materia de residuos.

c) Nas infraccións moi graves ao Consello da Xunta de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-As actuacións administrativas que se deriven da aplicación deste decreto estarán sometidas ao pagamento das taxas previstas na normativa tributaria da comunidade autónoma.

Segunda.-De conformidade co disposto no parágrafo final do punto 1 do artigo 5 do Decreto 200/2003, do 20 de marzo, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autó-

noma de Galicia, procédese á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, poderase utilizar o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia para a transmisión de todas as solicitudes, escritos e comunicacións ás que se fai referencia neste decreto.

Terceira.-Nos termos da lexislación do réxime local, os concellos facilitaránlle á consellería competente en materia de ambiente a información que esta lles solicite en relación coas licenzas outorgadas para a execución de obras de construción e/ou demolición ás que resulte de aplicación este decreto.

Cuarta.-A consellería competente en materia de ambiente poderá fixar, mediante orde, os requisitos técnicos que deberán cumprirse no exercicio das actividades de produción e xestión de residuos reguladas neste decreto.

Disposicións transitorias

Primeira.-Os procedementos iniciados e non rematados na data de entrada en vigor deste decreto continuarán a súa tramitación conforme o establecido nel, sen prexuízo da conservación das actuacións xa realizadas.

Segunda.-As autorizacións e inscricións realizadas conforme ao Decreto 298/2000, de 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor ou xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, deberán axeitarse ao establecido neste decreto no prazo de 6 meses desde a súa entrada en vigor.

Terceira.-No prazo de 6 meses desde a entrada en vigor deste decreto procederáse a adaptar os rexistros actuais de residuos ás exixencias deste decreto.

Disposición derogatoria única

Á entrada en vigor deste decreto quedarán derogadas as seguintes disposicións:

-Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor ou xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

-Decreto 352/2002, do 5 de decembro, polo que se regula a produción dos residuos de construción e demolición.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Medio Ambiente para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos 20 días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, nove de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE PRODUCCIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS	CODIGO DO PROCEDEMENTO MA975A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DON/DOÑA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO	<input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA	CIF _____	
CON DEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACION		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO	FAX
		E-MAIL	

EXPÓN:

Que desexa levar a cabo a seguinte actividade:

- A INSTALACIÓN, DE INDUSTRIAS OU ACTIVIDADES QUE XEREN OU IMPORTEN 10 TON/ANO DE RESIDUOS PERIGOSOS NO SEU PROCESO PRODUCTIVO, OU CANTIDADES SUPERIORES.
- A AMPLIACIÓN DE INDUSTRIAS OU ACTIVIDADES QUE XEREN OU IMPORTEN 10 TON/ANO DE RESIDUOS PERIGOSOS NO SEU PROCESO PRODUCTIVO, OU CANTIDADES SUPERIORES.
- A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DE INDUSTRIAS OU ACTIVIDADES QUE XEREN OU IMPORTEN 10 TON/ANO DE RESIDUOS PERIGOSOS NO SEU PROCESO PRODUCTIVO, OU CANTIDADES SUPERIORES.
- O TRASLADO DE INDUSTRIAS OU ACTIVIDADES QUE XEREN OU IMPORTEN 10 TON/ANO DE RESIDUOS PERIGOSOS NO SEU PROCESO PRODUCTIVO, OU CANTIDADES SUPERIORES.
- A XERACIÓN OU IMPORTACIÓN DE 10 TON/ANO DE RESIDUOS PERIGOSOS, OU CANTIDADES SUPERIORES.

SOLICITA:

Autorización para levar a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia, a actividade exposta, de conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula a autorización e notificación de actividades de produción e xestión de residuos de Galicia, no Real decreto 833/1988 e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e xunta a documentación que se cita a continuación.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA SOLICITUDE

- COPIA COMPULSADA DO DNI DO SOLICITANTE E, CANDO CORRESPONDA, CIF DA EMPRESA.
- COPIA COMPULSADA DAS ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA EMPRESA INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL.
- ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN LEGAL DA EMPRESA (NO CASO DE NON FIGURAR NAS ESCRITURAS).
- DATOS RELATIVOS AO/S CENTRO/S E Á CODIFICACIÓN E CANTIDADE DOS RESIDUOS (ANEXO 4).
- CERTIFICADOS DE DESTINO DE XESTOR AUTORIZADO DE TODOS OS RESIDUOS SOLICITADOS.
- ESTUDO NOS TERMOS QUE SE ESTABLECEN NO APARTADO 1 DO ARTIGO 8 DESTE DECRETO.
- XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DAS TAXAS ADMINISTRATIVAS.

* Todos os documentos oficiais a achegar serán orixinais ou copias debidamente compulsadas.

LEXISLACION APLICABLE <i>Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE XESTIÓN DE RESIDUOS	CODIGO DO PROCEDEMENTO MA975B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DON/DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO	<input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA	CIF _____	
CON ENDREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
LOCALIDADE	CODIGO POSTAL	TELEFONO	FAX

EXPÓN:

Que no seu centro de traballo, situado en _____, cos datos que figuran no anexo IV, desexa levar a cabo as seguintes actividades de xestión:

RECOLLA E TRANSPORTE DE RESIDUOS:

RECOLLA E TRANSPORTE DE RESIDUOS PERIGOSOS ASUMINDO A TITULARIDADE O TRANSPORTISTA.

RECOLLA E TRANSPORTE DE RESIDUOS URBANOS.

OU TRAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RESIDUOS:

ALMACENAMENTO DE RESIDUOS URBANOS

VALORIZACIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS

ELIMINACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS

SOLICITA:

Autorización inscrición para levar a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia as actividades de xestión expostas, de conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula a autorización e notificación de actividades de produción e xestión de residuos de Galicia, no Real decreto 833/1988 e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e xunta a documentación que se cita a continuación.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA SOLICITUDE

<p>A.- DOCUMENTOS COMÚNS</p> <p><input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DNI DO SOLICITANTE. E SE É O CASO, CIF DA EMPRESA.</p> <p><input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DAS ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA EMPRESA INSCRITA NO REGISTRO MERCANTIL.</p> <p><input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN LEGAL DA EMPRESA (NO CASO DE NON FIGURAR NAS ESCRITURAS).</p> <p><input type="checkbox"/> ESTUDO AMBIENTAL NAQUELES CASOS QUE ASÍ O EXIXA A LEXISLACIÓN VIXENTE.</p> <p><input type="checkbox"/> DATOS RELATIVOS A Q/S CENTROS E Á CODIFICACIÓN E CANTIDADE DOS RESIDUOS (ANEXO 4).</p> <p><input type="checkbox"/> CERTIFICADOS DE DESTINO POR XESTOR AUTORIZADO DE TODOS OS RESIDUOS SOLICITADOS.</p> <p><input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DAS TAXAS ADMINISTRATIVAS.</p>	<p>B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ADICIONAL</p> <p>RECOLLIDA E TRANSPORTE, DE RESIDUOS PERIGOSOS CANDO SE REALICE ASUMINDO O TRANSPORTISTA A TITULARIDADE DO RESIDUO:</p> <p><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE TRANSPORTE.</p> <p><input type="checkbox"/> TARXETA DE TRANSPORTE.</p> <p>VALORIZACIÓN OU ELIMINACIÓN DE RESIDUOS:</p> <p><input type="checkbox"/> PROXECTO TÉCNICO E DE EXPLOTACIÓN.</p> <p>PLANTAS MÓBILES DE TRATAMENTO DE RESIDUOS:</p> <p><input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE.</p> <p><input type="checkbox"/> MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS.</p> <p><input type="checkbox"/> ORZAMENTO.</p> <p>ALMACENAMENTO DE RESIDUOS:</p> <p><input type="checkbox"/> PROXECTO TÉCNICO E DE EXPLOTACIÓN.</p>
---	---

* Todos os documentos oficiais a achegar serán orixinais ou copias debidamente compulsadas.

<p>LEXISLACION APLICABLE</p> <p><i>Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.</i></p> <p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____ de _____ de 2005</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>____/____/____</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>____/____/____</p> <p>DATA DE SAÍDA</p> <p>____/____/____</p>
--	---	--

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDIMIENTO NOTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MA975C	DOCUMENTO NOTIFICACIÓN
---	---	----------------------------------

DON/DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO	<input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA	CIF	
CON ENDEIREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELEFONO	FAX

EXPÓN:

Que no seu centro de traballo, situado en _____, cos datos que figuran no anexo 6, desexa levar a cabo as seguintes actividades de xestión:

- RECOLLA E TRANSPORTE DE RESIDUOS NON PERIGOSOS.
- RECOLLA E TRANSPORTE DE RESIDUOS PERIGOSOS ACTUANDO O TRANSPORTISTA COMO SIMPLE INTERMEDIARIO.
- PRODUCCIÓN DE RESIDUO PERIGOSO CANDO SE XEREN MENOS DE 10.000 QUILOGRAMOS AO ANO.
- ACTUACIÓN EN RELACIÓN COS ACEITES USADOS QUE SE LEVEN A CABO NOS TALLERES, ESTACIÓN DE ENGRAXAMENTO E GARAXES.
- PRODUCCIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS CANDO SE XEREN MAIS DE 1.000 TONELADAS AO ANO.

NOTIFICA:

A realización das actividades de xestión expostas, de conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, e na Lei 10 1998, do 21 de abril, de residuos, e xunta a documentación que se cita a continuación.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA NOTIFICACIÓN

<p>A.- PARA TODAS AS ACTIVIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DNI DO SOLICITANTE E, SE É O CASO, CIF DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DAS ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA EMPRESA INSCRITA NO REGISTRO MERCANTIL. <input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN LEGAL DA EMPRESA (NO CASO DE NON FIGURAR NAS ESCRITURAS). <input type="checkbox"/> DATOS RELATIVOS AO/S CENTRO/S E Á CODIFICACIÓN E CANTIDADE DOS RESIDUOS (ANEXO 5). <input type="checkbox"/> CERTIFICADOS DE DESTINO POR XESTOR AUTORIZADO DE TODOS OS RESIDIOS SOLICITADOS (EXCEPTO PARA AS ACTIVIDADES DE TRANSPORTE DE RESIDUOS). <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DAS TAXAS ADMINISTRATIVAS. 	<p>B.- PARA A ACTIVIDADE DE TRANSPORTE DE RESIDUOS</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> TARXETA DE TRANSPORTE. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE TRANSPORTE.
---	--

* Todos os documentos oficiais a achegar serán orixinais ou copias debidamente compulsadas.

LEXISLACION APLICABLE <i>Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO NOTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN	CODIGO DO PROCEDEMENTO MA975D	DOCUMENTO NOTIFICACIÓN
---	---	----------------------------------

DON/DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO	<input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA	CIF _____	
CON ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACION			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

EXPÓN:

Que desexa levar a cabo a actividade de:

PRODUCCIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN.

SOLICITA:

A realización das actividades de xestión expostas, de conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e xunta a documentación que se cita a continuación.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA NOTIFICACIÓN

- COPIA COMPULSADA DO DNI DO SOLICITANTE E, CANDO CORRESPONDA, CIF DA EMPRESA.
- COPIA COMPULSADA DAS ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA EMPRESA INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL.
- ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN LEGAL DA EMPRESA (NO CASO DE NON FIGURAR NAS ESCRITURAS).
- CERTIFICADO DE DESTINO DE XESTOR AUTORIZADO.
- XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DAS TAXAS ADMINISTRATIVAS.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONSTITUCIÓN DA FIANZA.

* Todos os documentos oficiais que se achegarán serán orixinais ou copias debidamente compulsadas.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración)		NUMERO DE EXPEDIENTE
	RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
SINATRA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2005			DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en _____

ANEXO V

1.- DATOS DA INSTALACIÓN DE XESTIÓN OU CENTRO PRODUTOR

DENOMINACION			
ENDEREZO		MUNICIPIO	
PROVINCIA	PERSOA DE CONTACTO COA ADMINISTRACION		
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRONICO	
BREVE DESCRICION DAS OPERACIONS DE PRODUCCION OU XESTION DE RESIDUOS NA INSTALACION			
<hr/> <hr/> <hr/>			
CAPACIDADE TOTAL MÁXIMA DE XESTION/PRODUCCION DE RESIDUOS EN TON/ANO		CANTIDADE TOTAL ESTIMADA DE XESTION/PRODUCCION EN TON/ANO	
ORZAMENTO DAS INSTALACIONS DEDICADAS A ACTIVIDADE			

2.- TIPO DE RESIDUOS QUE SE VAN XESTIONAR OU PRODUCIR

RESIDUO	CÓDIGO LER	CLASIFICACIÓN SEGUNDO R.D. 952/97 (SÓ NO CASO DE RESIDUOS PERIGOSOS)	CANTIDADE T/ANO	DESTINO (XESTOR AUTORIZADO)
TOTAL				

_____ de _____ de _____

Asdo.:

Representante legal da empresa

- No caso de que a empresa teña máis dun centro xestor ou produtor cubrirase unha folia deste anexo para cada un deles.
- No caso de ter máis residuos dos permitidos neste anexo, xuntaranse as follas necesarias co mesmo formato da táboa do punto 2.

ANEXO VI

Proxecto para actividades de valorización ou eliminación de residuos

Sen prexuízo dos requisitos que, para determinado tipo de residuos, ou operacións de xestión, veñan exixidos pola súa lexislación específica, o proxecto comporase de dous documentos: proxecto técnico e proxecto de explotación. Con carácter xeral, dependendo das características intrínsecas de cada instalación, o seu contido recollerá os puntos que se enumeran a continuación ademais de todos aqueles que o promotor ou o proxectista estimen aclaratorios do proceso.

A. Proxecto técnico.

Axustarse en todo momento ás normas e instrucións técnicas vixentes así como ás disposicións específicas para o tipo de actividade ou instalación de que se trate.

1. Memoria na que se describa detalladamente o seguinte:

-Medidas protectoras e/ou correctoras para evitar calquera tipo de afección ao ar, auga ou solo durante a totalidade do proceso de tratamento e garantir as características adecuadas dos produtos finais resultantes da xestión dos residuos.

-Lexislación e normativa recollida no proxecto.

-Xustificación técnica detallada da tipoloxía dos almacenamentos e contenerización dos residuos previamente ao tratamento, despois deste así como os almacenamentos intermedios, se for o caso.

-Descrición e características da maquinaria de tratamento.

-Descrición e características dos materiais empregados.

-Xustificación da tecnoloxía adoptada fronte a outras dispoñibles para o tratamento do residuo, e, no suposto de eliminación de residuos, xustificarse a non posibilidade da reciclaxe ou valorización dos residuos que se vaian xestionar.

-Calquera referencia precisa para a completa definición e coñecemento das instalacións de tratamento de residuos.

-Detalles de obra civil ou de adecuación da nave ou parcela específicos para a actividade pretendida, así como outros que permitan a definición xeral da instalación.

3. Orzamento.

4. Planos:

Acompañaranse planos da parcela, instalacións e obra civil suficientes para describir a situación, o conxunto da instalación e cantos detalles desta sexan necesarios para a correcta execución e avaliación por parte da Administración.

B. Proxecto de explotación.

Con carácter xeral o proxecto de explotación desenvolverá o xeito de levar a cabo a xestión dos residuos nas instalacións descritas no proxecto técnico.

1. Proceso.

-Esquema xeral dos procesos e fluxogramas (sinóptico e en plano de planta).

-Relación de equipos, aparellos e mobiliario que se van instalar nas diferentes liñas do proceso.

-Capacidade máxima e normal de tratamento de residuos por máquina e proceso.

-Indicación da porcentaxe de rexeitamento no proceso. Caracterización e xestión deste.

-Capacidade máxima dos distintos stocks de residuos en unidades de volume e peso. (Almacenamento previo ao tratamento, almacenamentos intermedios e almacenamento do residuo xestionado).

-Características da natureza do residuo nas súas distintas fases de xestión.

-Controis de calidade do residuo unha vez valorizado. Caracterización deste.

-Descrición dos medios de transporte, manipulación e transporte interno.

-Réxime de utilización do servizo polos usuarios.

2. Persoal.

-Relación del persoal, con indicación das súas categorías e especialidades, que estarán dedicados á actividade. O persoal terá a titulación e experiencia acordes coas funcións que se vaian realizar. Indicarase, á súa vez, os datos dunha persoa co obxecto de realizar todas as relacións cos servizos da Administración.

3. Mantemento das instalacións.

-Plan de mantemento e revisións periódicas das instalacións. Especialmente desenvolveranse no referente aos controis sistemáticos das medidas de control, detección e corrección da posible contaminación, como consecuencia de, avaría, accidente, ou outras continxencias.

-Procedementos de actuación no caso de avaría ou accidente.

4. Sistemas de xestión acreditados de calidade ou ambiente, nos supostos que existan.

Proxecto para actividades de almacenamento de residuos

Con carácter xeral, dependendo das características intrínsecas de cada instalación, o seu contido contemplará os puntos que se enumeran a continuación ademais de todos aqueles que o promotor ou proxectista estimen aclaratorios do proceso.

A. Proxecto técnico.

Axustarse en todo momento ás normas e instrucións técnicas vixentes así como ás disposicións

específicas para o tipo de residuo de que se trate. Con carácter xeral o contido será o seguinte:

1. Memoria na que se describa detalladamente o seguinte:

-Xustificación técnica detallada da tipoloxía dos almacenamentos. En particular describiranse as áreas de almacenamento para cada tipo de residuo, o tipo e características dos envases e contedores e o encubetado, en caso de que existan.

-Capacidade máxima de almacenamento expresada en peso y volume. Delimitación física das zonas, se é o caso. Rotación do almacenamento.

-Medidas contra incendios e de prevención de riscos das instalacións.

-Normativa aplicable a aqueles residuos nos que se establezan e medidas para asegurar o seu cumprimento.

-Sistemas de ventilación, nos casos que sexan necesarios.

-Sistemas de recollida e tratamento de augas, no caso de que sexan necesarios.

-Calquera referencia precisa para a completa definición e coñecemento das instalacións de almacenamento e das súas medidas correctoras.

-Detalles de obra civil ou de adecuación da nave ou parcela específicos para a actividade pretendida, así como outros que permitan a definición xeral da instalación.

2. Orzamento.

3. Planos:

Acompañaranse planos da parcela, instalacións e obra civil suficientes para describir a situación, o conxunto da instalación e cantos detalles desta sexan necesarios para a correcta execución e avaliación por parte da Administración. Especialmente presentarse un plano que delimite e determine fisicamente as zonas de almacenamento con cotas e/ou coordenadas de control.

B. Proxecto de explotación.

1. Proceso.

-Capacidade máxima e normal de almacenamento de residuos e período previsto de almacenamento.

-Descrición dos medios de transporte, manipulación e transporte interno.

2. Persoal.

-Relación do persoal, con indicación das súas categorías e especialidades, que estarán dedicados á actividade.

3. Mantemento das instalacións.

-Plan de mantemento e revisións periódicas das instalacións. Especialmente desenvolveranse no referente aos controis sistemáticos das medidas de

detección, control e corrección da posible contaminación a augas, solo ou atmosfera.

ANEXO VII

Plan de xestión de residuos en obra de construción e demolición

Contido mínimo do plan de xestión:

1. Ficha técnica da obra, co seguinte contido.

2. Localización.

-Tipo.

-Empresa construtora.

-Existencia ou non de demolición.

-Volume da obra (longo x largo x alto).

-Tempo estimado.

-Servizos utilizados.

3. Persoa ou responsable da posta en marcha e seguimento do plan de xestión de residuos ou organigrama de responsabilidades. Datos de contacto.

4. Inventario de residuos xerados:

a) Tipo de residuos xerados (urbanos, residuos da construción e demolición, outros residuos non perigosos, residuos perigosos), co código segundo a Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publica as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (LER).

b) Volume de xeración estimado de residuos de construción e demolición e modo de estimación desas cantidades.

c) Principais procesos de xeración de residuos de construción durante as diferentes fases da obra e principais residuos xerados en cada un.

5. Xestión interna:

a) Criterios de segregación e envasado ou contenerización de residuos.

b) Operacións de recollida selectiva proxectada.

c) Almacenamento e depósito de residuos.

d) Operacións de xestión de residuos realizadas na propia obra, con descrición dos equipos utilizados (compactación, machacadoras, ...).

6. Xestión externa:

a) Sistema de xestión externa elixido para os diferentes tipos de residuos.

b) Empresas encargadas da xestión externa.

c) Certificado de destino do xestor ou xestores externos.

7. Medidas de minimización de residuos.

8. Accións de formación e de comunicación dos criterios de xestión seguidos, ao persoal e empresas que interveñen na obra.

ANEXO VIII



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS OU MUNICIPAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA975E	DOCUMENTO AUTORIZACIÓN
--	---	----------------------------------

DON/DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO	<input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA	CIF _____	
CON ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

EXPÓN:
Que desexa levar a cabo a construción da seguinte instalación de xestión de residuos urbanos _____

SOLICITA:
A autorización para a realización da instalación exposta, de conformidade co disposto no Decreto ____/2005, do 9 de xuño, e na Lei 10/1997, de residuos urbanos de Galicia, e xunta a documentación que se cita a continuación.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA NOTIFICACIÓN

<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DNI DO SOLICITANTE E, CANDO CORRESPONDA, CIF DA EMPRESA.
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DAS ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA EMPRESA INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL.
<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN LEGAL DA EMPRESA (NO CASO DE NON FIGURAR NAS ESCRITURAS).
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO TIPO DE RESIDUO E PREVENCIÓN DA CANTIDADE ANUAL QUE SE VAI XESTIONAR NA INSTALACIÓN.
<input type="checkbox"/> ESTUDO ACREDITATIVO DA ADECUACIÓN DA INSTALACIÓN AO PLANO DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA.
<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRITIVA DAS INSTALACIÓNS E DA ACTIVIDADE.

* Todos os documentos oficiais que se van achegar serán orixinais ou copias debidamente compulsadas.

LEGISLACION APLICABLE <i>Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SAÍDA / /
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOAA QUE O REPRESENTA de de 200		

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente

ANEXO IX



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO TRANSMISIÓN DA AUTORIZACIÓN	CODIGO DO PROCEDEMENTO MA975F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DON/DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO	<input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA	CIF _____	
CON. ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
E-MAIL			

EXPÓN:

Que actualmente está autorizado para a realización da seguinte actividade:

- PRODUCCIÓN DE RESIDUOS.
- INSTALACIÓN, AMPLIACIÓN, MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL E TRASLADO DE INDUSTRIAS OU ACTIVIDADES QUE XEREN OU IMPORTEN 10.000 QUILOGRAMOS OU CANTIDADES SUPERIORES DE RESIDUOS PERIGOSOS AO ANO.
- XESTIÓN DE RESIDUOS.
- A RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS URBANOS.
- A RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS PERIGOSOS CANDO SE REALICEN ASUMINDO O TRANSPORTISTA A TITULARIDADE DO RESIDUO.
- VALORIZACIÓN E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS.
- ALMACENAXE DE RESIDUOS.
- CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS OU MUNICIPAIS, QUE ESTARÁ SUPEDITADA AO PREVISTO NO PLANO DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA.

SOLICITA:

Autorización de conformidade co previsto no artigo 11.3 do Decreto _____/2005, do 9 de xuño, que se proceda a efectuar os trámites necesarios para proceder a transmitir a autorización á empresa _____

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA SOLICITUDE

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA TRASMISIÓN.

* Todos os documentos oficiais que se achegarán serán orixinais ou copias debidamente compulsadas.

LEGISLACION APLICABLE <i>Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental